XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

**Asunto**: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 13 de febreiro de 2024, polo que se resolve a remisión da denuncia do PSdeG-PSOE fronte ao PP e ao BNG por incumprimento dos criterios da distribución de banderolas (doc. RE 495/2024).

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

## ANTECEDENTES

1. O 13 de febreiro de 2024, a Xunta Electoral de Zona de Pontevedra remitiu a esta xunta electoral escrito de denuncia formulado polo PSdG-PSOE fronte ao Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego de Ponte Caldelas por incumprimento dos criterios de distribución de banderolas (doc. RE 495/2024) ao abeiro da Instrución da Xunta Electoral de Galicia do 15 de xaneiro de 2024.

2. O 13 de febreiro de 2024, reunida a Xunta Electoral de Galicia, tomou coñecemento do contido do devandito traslado.

## FUNDAMENTO XURÍDICO

Examinado o escrito da Xunta Electoral de Zona de Pontevedra remitido, o artigo 56.2 e o artigo 57.3 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (LOREX), así como os acordos da *Junta Electoral Central* de 24 de maio de 1999; 19 de maio de 2011 e 10 de novembro de 2011, estímase que "*las funciones previstas en los artículos 56.2 y 57.3 de la LOREG son propias y exclusivas de las Juntas Electorales de Zona e indelegables*".

En consecuencia,

## ACORDA

A devolución das actuacións á Xunta Electoral de Zona de Pontevedra, órgano administrativo competente para a resolución da denuncia formulada.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 17:30 horas do próximo día 14 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal